

No mes de maio rematamos os menús de fin de mes de “Lendario” en África coa “Lenda do Baobab”



"Conta unha lenda africana que fai moito, moito tempo, o baobab era a máis fermosa das árbores. Animais e homes vivían namorados da súa beleza. As súas ramas eran fortes, a súa cortiza suave e as súas flores dunha cor intensa.

Os deuses ademais regaláronlle unha longa vida, para que todos puideran admirar a súa presenza por máis tempo. O baobab aproveitouse disto para crecer máis e máis. Para facerse máis e máis forte. As súas ramas comezaron a deixar sen sol ao resto das árbores, que creceron en escuridade por culpa desta árbore.

A soberbia do baobab aumentaba segundo pasaban os anos e chegou a desafiar aos deuses:

- Serei tal alto que vos alcanzarei alá no ceo!

Cando o baobab estaba a punto de tocar as nubes, os deuses déronse conta da súa actuación e decidiron castigarlle retirándolle todos os seus beneficios. A partir de entón, o baobab crecería ao revés, coas flores baixo terra e as raíces apuntado ao ceo. Por isto o baobab ten ese aspecto tan extraño." Adaptación <https://www.guiainfantil.com/articulos/ocio/cuentos-infantiles/el-baobab-leyenda-africana-para-ninos/>

Esta lenda móstranos unha mensaxe importante, a importancia de ser humildes. Con isto rematamos os menus do PDI "LENDARIO", xa que o último día de comedor do mes de xuño, faremos un menú especial que poderán votar os nenos/as proximamente polas aulas. Aproveitamos para lembrar que o 1 de xuño comezará a xornada continua, de 9:30 a 14:30 as clases e o comedor será de 14:30 a 15:30. Os buses sairán ás 15:30h. Agardamos que disfrutárades moito con estes menús de lenda!